

## XUNTA DE CENTRO EXTRAORDINARIA

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, convocada para o 18 de decembro de 2015, venres, ás 12:30 horas en primeira convocatoria, e ás 13:00 horas en segunda convocatoria, no Salón de Graos do Edificio Politécnico, do Campus de Ourense.

Ás 13:10 horas deu comezo a sesión, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (21/09/2015, 28/09/2015, 18/11/2015, 23/11/2015 e 11/12/2015).
2. Informe da Directora.
3. Aprobación, se procede do orzamento da ESEI para o ano 2016.
4. Aprobación, se procede, dun cambio de profesorado titor de prácticas externas da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática.
5. Aprobación de informes de valoración de méritos docentes (quinquenios).
6. Aprobación, se procede, da elección dun representante do estudiantado egresado e dun representante da sociedade para a Comisión de Calidade.
7. Elección de representantes en comisións: Comisión Permanente (1 PDI ámbito científico, 1 PAS, 1 alumno), de Garantía de Calidade (1 PDI ámbito tecnolóxico, 1 PAS, 1 alumno), de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos (1 PDI ámbito informático, 1 PDI ámbito científico, 1 PAS), e Mesa da Xunta de Centro (1 PDI con vinculación permanente, 1 PDI sen vinculación permanente, 1 PAS).
8. Asuntos de trámite.
9. Queixas e suxestións.
10. Rolda de intervencións, rogos e preguntas.